

Actividades sobre *O achado do castro*

1. Resume o argumento de *O achado do castro* e explica razoadamente a súa estrutura. Ten en conta que o habitual é que estea dividida en tres partes:

- **Presentación:** é a situación inicial na que se nos presentan os personaxes e o seu marco espacio-temporal.
- **Nó:** desenvolvemento da trama, na que en xeral se produce un conflito, un cambio na situación inicial.
- **Desenlace:** resolución do conflito presentado con anterioridade.

2. Localiza 5 palabras descoñecidas e cópiaas no caderno con contexto e páxina. Busca o seu significado e anótalo.

3. A acción da obra desenvólvese na época dos romanos e, daquela, son constantes as referencias á súa vida. Investiga que/quen eran:

- os centurións
- Foro romano
- os *Epigramas* de Marcial
- Venus
- os sestercios
- os senadores
- unha cuadriga
- Baco

4. A pesar de que, como dixemos con anterioridade, a acción se desenvolve na época romana, no texto aparecen constantemente **anacronismos**, é dicir, menciónanse elementos, situacións, institucións etc. que non existían nesa época, senón que son máis ben dos nosos días e que teñen unha finalidade humorística; por ex., na páx. 30 dise "rúa dos Gladiadores e esquina coa Telefónica". Localiza e reproduce dous exemplos máis de anacronismos.

5. Ao longo desta peza hai varias referencias a **cancións populares galegas**. Localiza dúas e reproduce correctamente a parte da súa letra que se menciona na obra ou o título se só se fan referencias a el.

6. Nun momento do texto un dos personaxes fala, coma se dixeramos, "consigo mesmo", sen dirixirse propiamente a ningún outro personaxe presente: estamos, polo tanto, ante un **monólogo**. Localízao.

7. Na busca dos determinantes perdidos: como os protagonistas desta obra proceden da Roma clásica perdéronse os determinantes no complicado proceso de transmisión dos manuscritos. Non temos nin rastro de artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos... Axuda a completar o texto, lembrando que, por veces, tamén faltan as contraccións de preposición+artigo:

MANOLITUS: ¡Oh, _____ amada! ¡Oh, _____ adorada Carmiña! ¡Adoezzo por vertel! ¡Por collerte _____ brazos! ¡Devézome por terte sempre

_____ pé!, aínda que sempre, sempre, tamén sería _____ asco. ¡Morro por bicar _____ beizos! ¡Adorada Carmiñae!, que coma _____ mulleres chegas tarde _____ citas! ¡Quérote máis que _____ sestercios! Como tarda _____ muller, pero claro, aínda non temos reloxios dixitais; pero eu _____: ¡Ah, Carmiñae! ¡Flor entre _____ flores! ¡Beleza sen igual! ¡Es _____ sol! ¡Es _____ brasa que me abrasa! ¡Es _____ teima que me queima! ¡_____ fermosura é _____ lume que mantén acesa _____ fogueira _____ corazón! ¡_____ ollos son _____ tizóns que me derreten _____ mirada! ¡_____ presenza desprende luz e calor!, e con todo _____ non quero insinuar que andes quente. ¡Es tan fermosa coma inasequible! ¿Por que se opoñen _____ pais _____ amor? ¿Por que non podemos amarnos coma _____ persoa normal? ¿Por que _____ vivir coma _____ gume _____ coitelo? ¿Por que direi tanto "por que"? ¿Por que nos temos que ver sempre _____ agachadas, _____ monte, coma cabras, expostos decote a que _____ soldados _____ pai nos descubran? Por certo, aínda non nos pillaron nunca; eu cheiro _____ soldados a _____ cóbados de distancia; aínda non naceu _____ soldado que se achegue e min sen me decatar.

8. Como puides comprobar, Manolitus e Carmiñae están namorados, tan namorados que por veces esquecen as palabras. Responde ti por eles:

MANOLITUS: (*Entrando*) ¡Carmiñae, Carmiñae, Carmiñae! ¡Por fin xuntos e sós! Estamos por fin xuntos e sós nesta _____, sen _____, sós, co _____ como única testemuña.

CARMIÑAE: Si, sós, por fin, sós.

MANOLITUS: _____ por fin, grazas aos deuses estamos os dous _____ e illados do mundo.

CARMIÑAE: (*Nun suspiro*) Sós, sós, _____

MANOLITUS: (*Suspirando asemade*) Sós.

CARMIÑAE: (*Logo dunha pausa de ollares tenros*) E haberá que _____ algo para non aburrirse, digo eu, ¿non?; como estamos tan _____

MANOLITUS: Oes, pois tes _____ (*Sentan collidos da man no toro da árbore e pensan un anaco en silencio*). ¡Xa sei o que podemos _____!

CARMIÑAE: ¿Que?

MANOLITUS: Eh... ben, nada.

CARMIÑAE: Non me sexas _____, dime o que _____

MANOLITUS: Non, muller. Era unha _____ Ademais non vas querer.

CARMIÑAE: (*Mimosa*) Dime o que _____, anda.

MANOLITUS: Ti o parchís non o trouxeches, ¿verdade?

CARMIÑAE: (*Decepcionada*) Non... ¿E se xogamos ás _____?

MANOLITUS: Ai, eu a iso non xogo que o outro día nunha orxía con este conto tocoume darlle un _____ ao xeneral Tarquinius.

CARMIÑAE: Pero aquí non hai ningún _____

MANOLITUS: Tamén tes razón. (*Quedan os dous mirándose*) ¡Vale!, xogamos ás _____ ¿valen _____ na boca?

CARMIÑAE: Non.

MANOLITUS: (*Abre a boca para falar, non di nada e só despois contesta*) Nada (*Outro anaco en silencio*). Carmiñae...

CARMIÑAE (*Rápida*) ¿.....?

MANOLITUS: Teño que dicirche unha _____

CARMIÑAE: Si.

MANOLITUS: Teño que che facer unha

CARMIÑAE: Encántanme as, conta, conta.

MANOLITUS: Xa hai tempo que sinto algo dentro do que non me a falarche.

CARMIÑAE: Xa che dixen que non foses

MANOLITUS: É algo moi que me nace nas entrañas e que quere saír, que loita por saír.

CARMIÑAE: Dío sen

MANOLITUS: Pero é que...

CARMIÑAE: ¡.....!

MANOLITUS: ¡Quero facer pis, me cago en Afrodita!

CARMIÑAE: Pois xa o farás; agora escoita o que eu tamén teño...

MANOLITUS: ¿Ganas de mexar?

CARMIÑAE: Non, teño algo que; estiven falando co meu do noso

MANOLITUS: Por fin llo dixeches. ¿E que che contestou?

CARMIÑAE: Palabrotas.

9. Cada alumna ou alumno adopta a identidade dun personaxe. Os demais teñen que adiviñalo facendo preguntas sen cometeren erros lingüísticos; quen chegue aos tres erros non pode seguir preguntando. Localizar o erro dun compañeiro/a elimina erros propios cometidos. O alumno ou alumna-personaxe só pode responder *si, non, ás veces, non importa*.

10. Escolle unha das seguintes opcións:

a) Escribe, de xeito dramatizado, outro final para a obra.

b) Na páxina 30, despois de que os soldados capturen a Manolitus e a Carmiñae, o presentador di que o manuscrito dá un salto no tempo e no espazo. Conta ti a suposta escena na que se nos narran as peripecias dos namorados e os soldados.

11. Le a biografía do autor no enderezo www.bvg.udc.es e logo envíalle unha mensaxe de correo electrónico na que lle contes a túa opinión sobre a súa obra.

12. Finalmente, para saberes máis cousas sobre Roma e o seu imperio, mira a presentación en diapositivas que figura neste enderezo:

<http://centros.edu.xunta.es/iesmarcodocamballon/deptos/latgr25.htm>